PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO NO CORPO AUXILIAR DA XUNTA DE GALICIA (GRUPO D), CONVOCADO POLA ORDE DO 1/12/2005

CUESTIONARIO B

1. O dereito de acceso a arquivos e rexistros ao que se refire o artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá ser exercido respecto aos seguintes expedientes:
   a) Os relativos á concesión de subvencións en materia de minaría
   b) Os relativos a actuacións administrativas derivadas da política monetaria
   c) Os que teñan información sobre as actuacións das Comunidades Autónomas no exercicio das súas competencias constitucionais non suxeitas ao dereito administrativo
   d) Ningún dos expedientes a que se refiren as respostas anteriores

2. ¿A quen lle corresponde a organización e funcionamento do Ministerio Fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia?:
   a) Á Xunta de Galicia
   b) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
   c) Ao Parlamento
   d) Ao Estado

3. ¿En cal dos seguintes casos a Administración poderá contratar verbalmente?:
   a) Nos contratos que teñan carácter de urxencia
   b) Nos contratos que teñan carácter de urxencia ou de emerxencia
   c) Nos contratos adxudicados mediante procedemento negociado
   d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

4. Ao encender un ordenador a rutina de verificación e inicialización dos compoñentes da computadora denomínase:
   a) POST
   b) Flip-flop
   c) Flash
   d) EPROM

5. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia será regulado por:
   a) O Parlamento mediante decreto
   b) Unha lei de Galicia
   c) Un decreto lei
   d) O Presidente da Xunta mediante unha orde

6. A modalidade da contratación da xestión dos servizos públicos, consistente en que a Administración e o empresario participan nos resultados da explotación do servizo na proporción que se estableza no contrato, denomínase:

a) Sociedade de economía mixta
b) Xestión interesada
c) Consorcio
d) Concierto

7. En EXCEL o contido das celas A1, A2 e A3 é, respectivamente, 12, "hola" e 13. Cal sería o resultado a obter na cela A4 se é consecuencia de aplicar a seguinte función:

si (A1>=A2;A1+A3;A2)

a) 12
b) 13
c) 25
d) Hola

8. Segundo o artigo 36 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, a actuación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia non se axusta a un dos seguintes principios:

a) Publicidade
b) Economía do gasto público
c) Servizo ao interese xeral
d) Cooperación entre os seus órganos

9. ¿Cabe a subcontratación no contrato de xestión de servizos públicos?:

a) Non
b) Si, pero soamente poderá recaer sobre prestacións accesorias
c) Si, en todo caso, coa autorización da Administración contratante
d) Non, agás que a subcontratación estea prevista no prego de prescricións administrativas

10. O rexistro da unidade de control chamado "contador de programa":

a) Garda a dirección da seguinte instrución a executar
b) Garda a instrución en curso de execución
c) Mantén información sobre o resultado da operación realizada na unidade aritmético-lóxica
d) Contén o rexistro de interrupcións

11. Cántas consellerías, con tal denominación, integran na actualidade a Xunta de Galicia.

a) Catorce
b) Doce
c) Trece
d) Once

12. Na concesión, os riscos económicos da empresa:

a) Corren a cargo da Administración
b) Corren a cargo do concesionario
c) Corren a cargo da Administración e do concesionario
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

13. Para propoñer aos Plenos das Cámaras o candidato ou candidatos a Defensor do Pobo, a Comisión competente das Cortes Xerais tomará os acordos:

a) Por maioría de tres quintos
b) Por maioría cualificada
c) Por maioría simple
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

14. O Comité Económico e Social da Unión Europea ten funcións:

a) Executivas
b) Consultivas
c) Orzamentarias
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

15. De acordo co IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia o comité intercentros terá un máximo de:

a) Trece membros pertencentes aos comités de empresa e delegados de persoal
b) Once membros pertencentes aos comités de empresa e delegados de persoal
c) Quince membros pertencentes aos comités de empresa e delegados de persoal
d) Dezasete membros pertencentes aos comités de empresa e delegados de persoal

16. ¿Qué función non lle corresponde a El-Rei?:

a) O mando supremo das Forzas Armadas
b) O alto padroado das Reais Academias
c) Sancionar e promulgar as leis
d) Nomear os conselleiros das Comunidades Autónomas

17. Segundo o artigo 40 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, versión consolidada, ¿que institución comunitaria adoptará as medidas necesarias para facer efectiva a libre circulación de traballadores?:

a) O Consello, logo de consulta ao Comité Económico e Social
b) O Parlamento Europeo, mediante recomendacións e ditames
c) A Comisión
d) O Tribunal de Xustiza

18. As bases e tipos de cotización á Seguridade Social serán os que estableza :

a) A Lei xeral de seguridade social
b) Un acordo do Consello de Ministros
c) Un real decreto do Consello de Ministros
d) A Lei de orzamentos xerais do Estado

19. ¿Quen preside as Salas do Tribunal Constitucional?:

a) O Presidente do Tribunal Constitucional
b) O Presidente do Goberno
c) A Sala Primeira, o Presidente do Tribunal Constitucional, e a Sala Segunda, o Vicepresidente
d) A Sala Primeira, o Presidente do Tribunal Constitucional, e a Sala Segunda, o Presidente do Tribunal Supremo

20. O Presidente e a Mesa do Parlamento Europeo serán designados:

a) De entre os membros do Parlamento Europeo
b) Pola Comisión
c) Polo Consello
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

21. Os bens e dereitos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, agás disposición legal en contrario, enténdense adquiridos co carácter de:

a) Patrimoniais
b) Demaniais
c) Inmobles
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

22. ¿Quen non incorre en causas de inelixibilidade e incompatibilidade para formar parte do Senado?:

a) Membros das Xuntas Electorais
b) Maxistrados das Audiencias Provinciais en activo
c) Membros do Goberno
d) Policías nacionais en activo

23. Segundo o artigo 247.1 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, versión consolidada, o Tribunal de Contas da Comunidade Europea está composto por:

a) Un Presidente e dez membros
b) Un nacional de cada Estado membro
c) Un Presidente e nove membros
d) Un Presidente e once membros

24. Para o acceso aos arquivos e rexistros, cando os solicitantes sexan investigadores que acrediten un interese histórico, científico ou cultural relevante será requisito imprescindible:

a) Que se trate dun grupo de investigación universitario
b) Que se efectúe unha declaración xurada do interese público
c) Que se trate dun grupo de investigación doutras Administracións públicas
d) Que quede garantida debidamente a intimidade das persoas

25. O vicepresidente do Consello Xeral do Poder Xudicial será proposto polo Pleno deste, entre os seus vogais, por unha maioría:

a) Absoluta
b) Simple
c) Dous terzos dos seus compoñentes
d) Tres quintos dos seus compoñentes

26. As competencias que se exercitan por delegación:

a) Non poderán delegarse, agás autorización expresa dunha lei
b) Poderán delegarse logo de autorización do órgano delegante
c) Poderán delegarse por sentenza xudicial
d) Non poderán delegarse, agás naqueles casos en que o interese público así o demande

27. O compoñente do ordenador que se encarga de enviar e recibir sinais de control de periféricos externos denomínase:

a) Tarxeta de rede
b) Módem
c) Router
d) Unidade de control

28. Ás reunión do consello de Ministros poderán asistir:

a) Os secretarios de Estado cando sexan convocados
b) Os subsecretarios cando sexan convocados
c) Os directores xerais
d) Os subdirectores

29. A creación dun órgano administrativo, de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 30/1992, do 26 de novembro,de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esixe o cumprimento dun dos seguintes requisitos:

a) A determinación da súa dependencia xerárquica
b) A indicación de se o seu titular ten que ser persoal funcionario
c) O preceptivo informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma
d) A publicación dos seus estatutos

30. O Defensor do Pobo será nomeado por:

a) El-Rei
b) O presidente do Congreso
c) Os presidentes do Congreso e do Senado
d) O presidente do Senado

31. O vicepresidente do Consello Xeral do Poder Xudicial será nomeado por:

a) O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial
b) O Presidente do Tribunal Supremo
c) El-Rei
d) A maioría dos vogais

32. A suplencia dos titulares de órganos administrativos nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade:

a) É definitiva
b) Non implicará alteración da competencia
c) Será por uns días
d) Deberá ter un período mínimo dun mes

33. Non é competencia das Cortes Xerais:

a) A potestade lexislativa do Estado
b) Aprobar os orzamentos do Estado
c) Controlar a acción do Goberno
d) Dirixir a política interior

34. A exclusión de determinadas actividades da aplicación das normas comunitarias sobre o dereito de establecemento será adoptada por.

a) O Consello por maioría absoluta e por proposta da Comisión
b) O Consello por maioría cualificada e por proposta da Comisión
c) O Consello por unanimidade e por proposta da Comisión
d) O Consello por unanimidade, logo de ditame conforme do Parlamento Europeo

35. Segundo a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os documentos validamente emitidos polos órganos das administracións públicas:

a) Terán a consideración de documentos públicos
b) Terán a consideración de documentos públicos administrativos
c) Terán a consideración de documentos privados
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

36. ¿Que requisito dos seguintes é indispensable nunha sentenza?:

a) Que sexa oral
b) Que estea ratificada polo secretario xudicial
c) Será sempre motivada
d) Seguirá o formato previsto normativamente

37. O órgano competente para fixar os dereitos do arancel aduanero común é:

a) O Consello, por unanimidade e por proposta da Comisión
b) O Consello, por maioría cualificada e logo de ditame do Parlamento Europeo
c) O Consello, por maioría cualificada e por proposta da Comisión
d) O Parlamento Europeo, a través do procedemento de codecisión

38. A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas:

a) Determina a súa nulidade
b) Só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do prazo
c) Non implicará a anulabilidade dos trámites posteriores
d) Poderán ser validadas polo órgano competente

39. Non é unha competencia do Consello de Ministros:

a) Acordar a negociación e sinatura dos tratados internacionais
b) Suprimir os órganos directivos dos departamentos ministeriais
c) Declarar o estado de alarma
d) Dirixir a política de defensa

40.. En materia de seguridade social o Consello pronunciarase:

a) Por maioría absoluta
b) Por maioría cualificada
c) Por maioría simple
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

41. Segundo o artigo 73 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ¿que recurso se pode interpoñer contra o acordo de acumulación?:

a) Alzada
b) Reposición
c) Revisión
d) Ningún

42. O Presidente do Goberno pode delegar o exercicio de competencias propias:

a) No Vicepresidente ou Vicepresidentes do Goberno, exclusivamente
b) Nos Ministros e nos Secretarios de Estado
c) No Vicepresidente ou Vicepresidentes do Goberno e nos Ministros
d) Só no Consello de Ministros

43. Segundo o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, versión consolidada, a Comisión presentará cada ano as contas do exercicio pechado relativas ás operacións do orzamento:

a) Ao Tribunal de Xustiza e ao Tribunal de Contas
b) Ao Parlamento Europeo e ao Consello
c) Ao Banco Europeo de Investimentos
d) Ao Banco Central Europeo

44. No caso de procedementos para os que existan modelos de solicitudes, ¿poden os interesados achegar os elementos que coiden convenientes para completar os datos do modelo?:

a) Non, en ningún caso
b) Si, sen excepcións
c) Si, agás que unha disposición administrativa estableza o contrario
d) Só cando así o acorde o órgano competente

45. A elaboración dos orzamentos xerais do Estado é un labor encomendado:

a) Ao Poder Xudicial
b) Ao Poder Executivo
c) Ao Poder Lexislativo
d) A unha comisión formada por membros dos tres poderes indicados

46. Segundo a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unha Administración pode negar a asistencia e cooperación requirida por outra:

a) Cando o dispoñan os seus regulamentos
b) Cando non estea facultada para prestala
c) Cando o dispoñan as súas disposicións administrativas
d) En ningún caso

47. ¿En que momento do procedemento administrativo ten lugar o trámite de audiencia a que se refire o artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común?:

a) Logo de redactar a proposta de resolución
b) Dentro do período de práctica da proba
c) Instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

48. ¿Quen pode declarar o estado de sitio?:

a) O Congreso dos Deputados por maioría absoluta por proposta exclusiva do Goberno
b) O Congreso dos Deputados por maioría absoluta por proposta do Goberno e dos Ministros
c) O Goberno
d) O Congreso dos Deputados por maioría simple por proposta do Goberno

49. A comparecencia dos cidadáns ante as oficinas públicas só será obrigatoria:

a) Cando así estea previsto nunha norma con rango de lei
b) Cando o cidadán así o manifeste
c) Cando a Administración o considere oportuno
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

50. Se non recae resolución no procedemento abreviado de responsabilidade patrimonial das administracións públicas poderá entenderse que a resolución é contraria á indemnización do particular:

a) Transcorridos seis meses desde que se iniciou o procedemento
b) Transcorridos quince días desde a conclusión do trámite de audiencia
c) Transcorridos s tres meses desde o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma
d) Transcorridos trinta días desde que se iniciou o procedemento

51. Segundo a Constitución española, calquera alteración dos límites provinciais terá que ser aprobada por:

a) As Cortes Xerais, mediante lei ordinaria
b) O Goberno, por proposta das Comunidades Autónomas afectadas
c) As Cortes Xerais, mediante lei orgánica
d) As Cortes Xerais, seguindo o procedemento establecido para a reforma constitucional

52. As cuestións incidentais que se susciten no procedemento administrativo, mesmo as que se refiran á nulidade das actuacións:

a) Suspenden a tramitación, agás a recusación
b) Suspenden a tramitación
c) Non suspenden a tramitación, agás a recusación
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

53. A declaración de lesividade non poderá adoptarse transcorrido un dos prazos que a continuación se indican desde que se ditou o acto administrativo:

a) Un ano
b) Tres anos
c) Catro anos
d) Seis anos

54. Segundo a Constitución española, os municipios gozarán de personalidade xurídica:

a) Propia
b) Única
c) Plena
d) Pública

55. A revisión dos actos nulos de pleno dereito:

a) Require un procedemento formal, previsto na normativa vixente de aplicación
b) Requirirá informe non vinculante do Consello Económico e Social
c) Require informe facultativo e vinculante do Consello de Estado
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

56. Corresponde á orde xurisdicional contencioso-administrativa:

a) Os conflitos de atribucións entre órganos dunha mesma Administración
b) Os conflitos de xurisdición entre os xulgados e tribunais e a Administración
c) As cuestións expresamente atribuídas á orde xurisdicional civil, sempre que estean relacionadas coa actividade da Administración pública
d) O coñecemento das pretensións que se deduzan en relación cos actos e disposicións en materia de xestión patrimonial do Tribunal Constitucional, suxeitos ao Dereito público

57. Segundo Constitución española, a provincia vén determinada por:

a) A agrupación de comarcas e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado
b) A agrupación de Entidades Locais non territoriais
c) A agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado
d) A agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades das Comunidades Autónomas

58. ¿Que prazo ten a Administración para revisar de oficio un acto nulo?:

a) Non ten prazo, poderá por iniciativa propia ou por solicitude do interesado, proceder á súa revisión en calquera momento
b) Tres meses
c) Dous anos
d) Catro anos

59. No caso de danos de carácter físico ou psíquico causados ás persoas polas Administracións públicas, ¿cando comezará a computarse o prazo para reclamar?:

a) Desde o momento de producirse o feito ou acto que motive a indemnización
b) Desde o momento de manifestarse os efectos lesivos derivados do dito feito ou acto
c) Desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas
d) Desde a data da alta médica expedida por facultativo competente

60. O orzamento do Parlamento de Galicia:

a) Será fixado pola Xunta de Galicia
b) Deberá ter conformidade do Consello da Xunta
c) Fixarao o propio Parlamento
d) Necesitará informe previo non vinculante do Valedor do Pobo

61. Cando o importe da adxudicación dun contrato sexa igual ou superior a 60.101,21 euros publicarase a contar da data de adxudicación do contrato un anuncio, no que se dea conta da dita adxudicación , no *Boletín Oficial del Estado* ou nos Boletíns ou Diarios respectivos das Comunidades Autónomas, nun prazo non superior a:

a) Vinte e catro días
b) Setenta e dous días
c) Dez días
d) Corenta e oito días

62. Respecto da revisión de actos nulos non é certo dicir que:

a) Require ditame do Consello de Estado
b) Está sometida a prazo de prescrición
c) Require a tramitación dun procedemento
d) Pode ser solicitada polo interesado

63. A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais está integrada segundo o Decreto de estrutura orgánica vixente na:

a) Consellería de Medio Ambiente
b) Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
c) Consellería de Medio Rural
d) Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

64. Os funcionarios cuxo posto sexa obxecto de supresión como consecuencia dun plan de emprego poderán ser destinados a outro posto de traballo polo procedemento de reasignación de efectivos. A adscrición ao posto adxudicado por reasignación terá carácter:

a) Provisional
b) Voluntario
c) Definitivo
d) Transitorio

65. Salvo que expresamente se dispoña outra cousa na Lei de contratos das administracións públicas, non é un requisito para a celebración dos contratos administrativos:

a) A tramitación do expediente, ao que se incorporarán os pregos en que a Administración estableza as cláusulas que han de rexer o contrato que se vai celebrar e o importe do orzamento do gasto
b) A formalización do contrato
c) A capacidade do órgano de contratación
d) A determinación do obxecto do contrato

66 A delegación de competencias:

a) Non será revogable
b) Será revogable a partir dos seis meses seguintes á súa delegación
c) Será revogable en caso de autorización previa do órgano consultivo correspondente
d) Será revogable en calquera momento polo órgano que a conferise

67. O instrutor dun expediente disciplinario de acordo co Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá:

a) Reunir o requisito de estar en posesión dunha titulación superior
b) Reunir o requisito de estar en posesión da titulación en dereito e ser funcionario
c) Ser funcionario público pertencente exclusivamente a un corpo ou escala superior ao do inculpado
d) Ser funcionario público pertencente a un corpo ou escala de igual ou superior grupo ao do inculpado

68. O prazo de formalización dos contratos administrativos ascenderá a:

a) Trinta días, contados desde a aprobación do expediente de contratación
b) Un mes, contado desde o día seguinte ao da notificación da adxudicación
c) Quince días desde a notificación da adxudicación
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

69. ¿Pódense validar os actos anulables?:

a) Non
b) Depende do proceso
c) Si, emendando os vicios que teñan
d) Só cando o dispoña de oficio a Administración

70. A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ¿aplícase ao persoal que desempeñe funcións públicas e percibe as súas retribucións mediante arancel?:

a) Si, porque a citada lei o establece expresamente
b) Non, porque se trata de persoal que non é funcionario público
c) Non, porque a citada lei os exclúe expresamente do seu ámbito de aplicación
d) Só de maneira supletoria, en defecto de normas específicas

71. A situación administrativa de excedencia voluntaria incentivada ten unha duración de :

a) Cinco anos, e non impedirá desempeñar postos de traballo no sector público
b) Dous anos, e impedirá desempeñar postos de traballo no sector público baixo calquera forma de relación funcionarial ou contractual, de natureza laboral ou administrativa
c) Cinco anos, e se non se solicita o reingreso pasarase automaticamente á situación de excedencia voluntaria por interese particular
d) Dous anos, percibindo as retribucións de carácter periódico e as pagas extraordinarias cun máximo de doce mensualidades

72. De acordo co disposto no artigo 85 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en calquera caso, o órgano instrutor do procedemento adoptará as medidas necesarias para lograr:

a) A participación dos interesados no procedemento
b) O pleno respecto aos principios de contradicción e igualdade dos interesados no procedemento
c) A garantía do principio de lealdade institucional
d) O recoñecemento dos dereitos dos cidadáns

73. Das actividades que a continuación se describen, indique cal delas non queda exceptuada do réxime de incompatibilidades, segundo o disposto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas:

a) A participación en tribunais cualificadores de probas selectivas para ingreso nas administracións públicas
b) As derivadas da administración do patrimonio persoal ou familiar
c) A dirección de seminarios ou o ditado de cursos ou conferencias en centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de setenta e cinco horas ao ano
d) A colaboración e a asistencia habitual a congresos, seminarios, conferencias ou cursos de carácter profesional

74. Segundo o artigo 66 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, os postos de traballo que esixan o mesmo nivel de titulación e que teñan no seu exercicio similar grao de dificultade:

a) Terán os mesmos complementos de destino e específico se son semellantes as condicións de traballo
b) Sempre terán os mesmos complementos de destino e específico, aínda que varíen as condicións de traballo
c) Terán en todo caso o mesmo complemento de produtividade
d) Serán retribuidos atendendo a cualificación emitida pola Comisión de avaliación do desempeño respecto á unidade administrativa de que se trate

75. As prestacións da Seguridade Social, así comos os beneficios dos seus servizos sociais e da asistencia social:

a) Non poden en ningún caso ser obxecto de cesión, compensación ou desconto
b) Poden ser obxecto de compensación ou desconto cando se trate de obrigas contraídas polo beneficiario dentro da Seguridade Social
c) Non están en ningún caso suxeitos a tributación
d) Poderán ser obxecto de contratación colectiva

76. Segundo o IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, na fase de resultas da provisión de postos mediante o sistema de concurso:

a) Só poderá participar o persoal laboral da Xunta de Galicia
b) Poderá participar o persoal laboral e funcionario da Xunta de Galicia
c) Poderán atenderse peticións de traslado formuladas por traballadores doutras administracións públicas, ademais das do persoal laboral da Xunta de Galicia
d) Só poderán atenderse peticións de traslado de traballadores doutras administracións públicas

77. Con respecto aos productos farmacéuticos, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia:

a) O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que esta estableza
b) A execución da lexislación do Estado
c) A competencia exclusiva
d) O desenvolvemento lexislativo, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade

78. O abuso da autoridade no exercicio do cargo, segundo o IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia:

a) Constitúe unha falta moi grave que pode ser sancionada coa suspensión de emprego e soldo de dezaseis días a dezaoito meses
b) Constitúe unha falta moi grave que pode ser sancionada coa inhabilitación para o ascenso por un período dun ano
c) Constitúe unha falta grave que pode ser sancionada coa inhabilitación para o ascenso por un período de seis meses
d) Constitúe unha falta grave que pode ser sancionada coa suspensión de emprego e soldo de dous a quince días

79. ¿Cal das seguintes prestacións da seguridade social é imprescritible?:

a) Prestación por incapacidade temporal
b) Auxilio por defunción
c) Subsidio por risco durante o embarazo
d) Pensión de orfandade

80. Poden os estatutos das Comunidades Autónomas implicar privilexios económicos ou sociais:

a) Só en Cataluña, País Vasco e Galicia
b) En ningún caso
c) Depende da procedencia do estatuto
d) Todos poden implicar privilexios

81. O persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas poderá, por excepción, segundo o disposto no seu artigo 5, compatibilizar as súas actividades co desempeño dos cargos electivos seguintes:

a) Delegados e representantes do Goberno galego nos entes con personalidade xurídica pública
b) Conselleiros de administración en entidades ou empresas públicas en réxime de dedicación parcial
c) Membros das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas que perciban retribucións periódicas polo desempeño da función
d) Membros das Corporacións Locais, salvo que desempeñen nelas cargos retribuídos en réxime de dedicación exclusiva

82. Segundo o IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia a ocupación dun posto de traballo en réxime de desempeño de funcións de categoría superior no poderá exceder de:

a) Catro meses consecutivos ou doce alternos
b) Catro meses consecutivos ou dez alternos
c) Seis meses consecutivos ou dez alternos
d) Seis meses consecutivos ou doce alternos

83. ¿Que afirmación é valida respecto da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial?:

a) É designada semestralmente polo Pleno
b) Está composta polo Presidente e cinco vogais
c) Os cinco vogais distribúense do seguinte xeito: tres da carreira xudicial e dous que non formen parte dela
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

84. A adscrición temporal por causas de saúde segundo o IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia:

a) Pode supor en calquera caso a modificación da categoría orixinaria e grupo
b) Pode supor só en casos excepcionais a modificación da categoría orixinaria e grupo
c) Pode supor a modificación da categoría orixinaria e grupo sempre que o traballador leve máis de dous anos no posto
d) En ningún caso suporá a modificación da categoría orixinaria e grupo

85. A prestación económica correspondente á incapacidade permanente parcial para a profesión habitual consistirá:

a) No cincuenta por cento da prestación por incapacidade permanente total
b) Nunha cantidade a tanto alzado
c) Nunha pensión vitalicia
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

86. As Cámaras reúnense en sesión conxunta para:

a) Autorizar determinados Tratados internacionais
b) Delegar no Goberno a potestade de ditar normas con rango de lei
c) Distribuir o Fondo de Compensación Interterritorial
d) Designar a Rexencia nos supostos previstos na Constitución

87. Segundo o disposto no Decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, os funcionarios públicos non pasarán á situación de servizos especiais:

a) Cando accedan á condición de deputado ou senador das Cortes Xerais
b) Cando sexan adscritos aos servizos do Tribunal Constitucional ou do Defensor do Pobo
c) Cando sexan adscritos aos servizos do Valedor do Pobo
d) Cando participen por tempo non superior a seis meses en misións de cooperación internacional ao servizo de organismos internacionais

88. A colaboración na xestión do sistema da Seguridade Social:

a) Poderá ser realizada por asociacións, fundacións e entidades públicas e privadas, previa a súa inscrición nun rexistro público
b) Só pode ser levada a cabo por Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social
c) Poderá ser levada a cabo por empresas, logo de autorización da correspondente Mutua á que estivesen asociadas
d) Poderá ser realizada por empresas, coa autorización da Tesouraría Xeral da Seguridade Social

89. A función "SI" de excel é unha función :

a) De texto
b) Lóxica
c) Estatística
d) De busca e referencia

90. Segundo a Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, para poder participar nos concursos de provisión, os funcionarios deberán permanecer no posto de traballo de destino definitivo obtido por concurso:

a) En todo caso, un mínimo de tres anos
b) Un mínimo de dous anos, a non ser que lle suprimisen o posto
c) Cinco anos
d) Un mínimo de tres anos, agás os funcionarios que ocupen postos de libre designación

91. ¿Cal dos seguintes é únicamente dispositivo de entrada de datos?:
    a) Plotter
    b) Módem
    c) Disco duro
    d) Trackball

92. As controladoras IDE incluídas nas placas base dun PC compóñense con carácter xeral de:
    a) Dous conectores con dous posibles dispositivos cada un
    b) Un único conector para dous posibles dispositivos
    c) Un único conector e catro posibles dispositivos
    d) Catro conectores cun dispositivo cada un deles

93. ¿Cómo se visualizaría en excel o número "1.234" utilizando o formato numérico "#0#.##0"?:
    a) 1234
    b) 1.234
    c) 01.234
    d) 001.234

94. Un dos seguintes dereitos é susceptible de recurso de amparo para a súa protección e defensa:
    a) O dereito ao traballo
    b) O dereito á propiedade
    c) O dereito de petición
    d) O dereito de fundación

95. ¿Onde se aloxa a táboa de partición dun disco duro?:
    a) Na BIOS
    b) No rexistro principal de arranque (MBR)
    c) Na unidade de control
    d) No propio sistema operativo

96. De acordo co establecido no artigo 34 do Texto Refundido da Lei xeral da Seguridade Social, as custas e gastos que orixine a recadación en vía executiva serán sempre a cargo de:
    a) A Tesouraría Xeral da Seguridade Social
    b) A Intervención Xeral da Seguridade Social
    c) O suxeito responsable do pagamento e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social
    d) O suxeito responsable do pagamento

97. A memoria caché L1 caracterízase por :
    a) Estar especializada en acelerar os accesos á INTERNET
    b) Estar localizada dentro do propio procesador
    c) Estar localizada entre o procesador e a memoria RAM
    d) Ser a máis lenta das memorias caché

98. ¿Teñen os cidadáns dereito de acceso sobre os expedientes que conteñan información sobre as actuacións do Goberno do Estado no exercicio das súas competencias constitucionais non suxeitas ao dereito administrativo?:
    a) Si
    b) Non
    c) Si, de acordo co previsto nas disposicións específicas que regulen a tramitación do expediente de que se trate
    d) Si, sempre que non se vexa afectado o funcionamento dos servizos públicos

99. A reforma da Constitución a través do procedemento ordinario require:
   a) En calquera caso a maioría absoluta de ambas as Cámaras
   b) En calquera caso a maioría de tres quintos de cada Cámara
   c) Maioría absoluta do Congreso e simple do Senado
   d) Maioría de tres quintos de cada unha das Cámaras na primeira votación do proxecto de reforma

100. Unha lei que aprobe os orzamentos xerais do Estado:
   a) Pode crear tributos só cando unha lei tributaria substantiva así o prevexa
   b) Non pode crear tributos
   c) Non pode crear nin modificar ningún tributo
   d) Non pode crear tributos pero si modificalos sen necesidade de que o prevexa ningunha lei tributaria substantiva

PREGUNTAS DE RESERVA

101. O Defensor do Pobo nomeará e separará os seus adxuntos:
   a) Cando libremente o decida
   b) Logo de audiencia das Cortes Xerais
   c) Logo de consulta aos presidentes do Congreso e do Senado
   d) Logo de conformidade das Cámaras na forma que determinen os seus regulamentos

102. Segundo o Tratado Constitutivo da Comunidad Europea, versión consolidada, un comité composto polos representantes permanentes dos Estados membros:

   a) Poderá adoptar calquera decisión de procedemento
   b) Poderá elaborar regulamentos
   c) Poderá adoptar decisións executivas en materia de directivas
   d) Poderá adoptar decisións de procedemento nos casos establecidos no regulamento interno do Consello

103. Segundo o artigo 5.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia:
   a) Galicia ten himno e escudo de seu
   b) A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal azul
   c) A capital de Galicia é a cidade de Santiago de Compostela
   d) A lingua propia de Galicia é o galego